

2024

ASPERGA

MEMORIA DE ACTIVIDADES



CONTIDO

1 **CARTA DA PRESIDENTA**

2 **QUENES SOMOS**

- 01 Fundamentación
- 02 Misión, visión e valores
- 03 Base social
- 04 Organigrama
- 05 Formamos parte de

3 **SERVIZOS**

- 01 Servizos transversais
- 02 Programas de intervención individual
- 03 Programas de intervención grupal
- 04 Atención temperá
- 05 Atención á infancia
- 06 Taller de transición a vida adulta
- 07 Formacións
- 08 Ocio e lecer, campamentos e outras actividades

4 **ANEXOS**

- 01 Plan formativo de ASPERGA
- 02 Finanzamento externo
- 03 Outras colaboracións
- 04 Comunicación e difusión

5 **CONCLUSIÓN**

1

CARTA DA PRESIDENTA

RITA C. GONZÁLEZ FERNÁNDEZ

Un camiño compartido cara á inclusión

Quero compartir con vós o que representa ASPERGA para todos. Esta organización é moito máis ca un nome; é un espazo de unión e esperanza no que as persoas autistas/Síndrome de Asperger e as súas familias se xuntan para fortalecer os nosos dereitos e loitar por unha verdadeira inclusión social.

A nosa traxectoria e evolución

Durante máis de 16 anos, traballamos con paixón e determinación para construír unha comunidade sólida e comprometida. Neste tempo, ASPERGA experimentou transformacións notables, adaptándose rapidamente ás necesidades de cada etapa e superando desafíos para converterse nun referente na atención especializada. Hoxe, contamos con case 510 persoas socias e máis de 520 usuarias, respaldadas por un equipo multidisciplinar que se esforza día a día por ofrecer servizos integrais e de calidade.

Os nosos servizos e compromiso

A diversidade dos nosos servizos reflicte o compromiso de cubrir todas as necesidades das persoas que confían na nosa asociación. Desde a atención temperá e terapias individuais e grupais, ata programas de habilidades sociais, apoio educativo e actividades de lecer e deporte. Cada iniciativa está deseñada para potenciar o talento e o benestar das persoas autistas. Cremos firmemente que a verdadeira transformación social só se alcanza cando se recoñece e valora o potencial de cada individuo.

Colaboración e redes de apoio

A forza de ASPERGA reside na unión e no traballo colaborativo. Mantemos un diálogo constante coas Administracións Públicas e colaboramos estreitamente con entidades como a Federación Autismo Galicia, a Confederación Autismo España e Autism Europe.

Este esforzo conxunto permítenos impulsar melloras no ámbito escolar, laboral e social, e seguir abrindo camiños cara a unha sociedade máis xusta e respectuosa.

Mirando cara ao futuro

En ASPERGA, imaxinamos un futuro cheo de oportunidades, no que cada persoa sexa valorada e brille con luz propia. Soñamos cun futuro onde os nosos fillos, mozos e adultos alcancen os seus soños, sabendo que, unidos, podemos superar calquera obstáculo. Cada paso que damos é un compromiso co futuro. A nosa paixón transfórmase no motor que nos impulsa a crear un mundo máis xusto e inclusivo.

Co alma chea de ilusión e o coraxe da nosa comunidade, avanzamos cara a un futuro cheo de luz, amor e novas oportunidades.

Diariamente traballamos entre todas e todos para facer todo isto posible. E seguiremolo facendo, con empuxe e dedicación, achegando novas ideas en positivo, colaborando, participando nos órganos de decisión de ASPERGA e, máis concretamente, na asemblea de persoas socias, onde debatemos o camiño a seguir, ademais das persoas que levan adiante estas ideas.

Non quero rematar esta carta sen darvos as grazas, ás persoas socias, usuarias, colaboradoras, profesionais e ao resto da xunta directiva, porque cada día facedes que ASPERGA sexa un centro de referencia con profesionais sanitarios e administrativos especializados.

O compromiso e a flexibilidade de todas e todos seguirá protexendo as bases da nosa entidade.

Grazas pola vosa comprensión, traballo, talento e colaboración. Xuntas e **xuntos somos un. Somos ASPERGA.**

Moitas grazas por achegarvos á vosa casa.

Quedo á vosa disposición.



Rita González Fernández

2

01 **QUENES SOMOS**

FUNDAMENTACIÓN

O Síndrome de Asperger foi tradicionalmente empregado como unha categoría diagnóstica dentro do Trastorno do Espectro Autista (TEA) para describir persoas sen discapacidade intelectual nin dificultades significativas na linguaxe formal. Non obstante, cos cambios nos sistemas de clasificación diagnóstica, este termo foi eliminado e, na actualidade, emprégase o termo TEA para englobar unha ampla diversidade de perfís con características e necesidades diferentes en áreas como a comunicación social, a interacción e os patróns de comportamento.

A pesar deste cambio, moitas persoas seguen identificándose co termo Asperger como parte da súa identidade persoal, mentres que outras prefiren definirse como autistas ou neurodiverxentes, sendo esta unha elección persoal. A identidade autista non se limita exclusivamente aos criterios diagnósticos, senón que tamén se constrúe a partir da vivencia e da autopercepción de cada persoa.

A incidencia do TEA estímase en 1 de cada 100 nacementos, sendo máis prevalente en varóns. A relación entre homes e mulleres varía segundo os estudos, con estimacións que oscilan entre 3:4 e 8:1. Non obstante, cada vez hai máis consenso en que o autismo en mulleres está infradiagnosticado, xa que os síntomas poden manifestarse de forma diferente ou pasar máis desapercibidos debido a factores como a aprendizaxe de estratexias de compensación social.

A nivel de prevalencia, estímase que entre un 45% e un 70% das persoas autistas non presentan discapacidade intelectual, o que implica que unha gran parte da poboación TEA posúe un perfil cognitivo na media ou superior, pero con necesidades de apoio específicas en diversas áreas. A gran variabilidade dentro do espectro fai que cada persoa autista sexa única, con fortalezas e desafíos distintos que requiren unha comprensión e unha adaptación individualizadas.

Área de comunicación e interacción social.

As persoas autistas poden atoparse con diversas dificultades na comunicación, tanto a nivel verbal como non verbal. Estas poden manifestarse na interpretación da linguaxe, especialmente en aspectos pragmáticos, como comprender significados non literais, dobres sentidos ou expresións figuradas. Tamén poden existir desafíos no uso da comunicación non verbal, como o contacto ocular, os xestos ou a expresión corporal, que inflúen na interacción social.

Ademais, poden ter dificultades para adaptar o uso da linguaxe a distintos contextos sociais, o que pode afectar a súa capacidade para xestionar conversas, establecer relacións interpersoais, resolver conflitos ou comprender normas sociais implícitas. Estas barreiras poden influír no seu día a día, pero con apoios e adaptacións adecuadas, é posible favorecer unha comunicación máis efectiva e significativa.

Área de flexibilidade do pensamento e do comportamento.

As persoas autistas adoitan presentar patróns de intereses e condutas restrinxidos, estereotipados e repetitivos. Isto pode traducirse nunha forte preferencia por determinados temas ou actividades, así como na realización de accións repetitivas ou rituais que lles proporcionan estabilidade e previsibilidade.

Estas características poden facer que a adaptación a novas situacións ou cambios no entorno resulte complexa, xerando incomodidade ou ansiedade ante a modificación de rutinas ou a participación en actividades alleas aos seus intereses. Non obstante, estes patróns tamén poden representar fortalezas, xa que moitas persoas autistas desenvolven un coñecemento profundo e unha gran habilidade en áreas que lles apaixonan, permitindo que se convertan en expertos nos seus ámbitos de interese.

2

02 MISIÓN, VISIÓN E VALORES

NADA SOBRE NÓS, SEN NÓS

En 2006, ASPERGA (Asociación Galega de Asperger) viu a luz, fundada por unha rede de familias e persoas con autismo de grao de apoio 1. A misión da asociación é promover a auténtica inclusión e loitar por un futuro no que as persoas autistas poidan participar plenamente na sociedade.

Algún dos puntos que destacamos son os seguintes:

- Promover a **sensibilización e concienciación social** sobre a síndrome de Asperger e o trastorno do espectro autista (TEA) no noso entorno.
- Ofrecemos un **centro integral de apoio e referencia** que proporciona servizos ás persoas autistas e as súas familias. Contamos cun equipo de profesionais especializados no deseño e implementación de programas de intervención adaptados ás necesidades individuais de cada persoa.
- Recoñecemos a importancia de **traballar en conxunto** para alcanzar as nosas metas e obxectivos. Por iso, establecemos relacións de colaboración con outras entidades co fin de sumar esforzos e lograr beneficios mutuos.
- Traballamos sen descanso para asegurar que as persoas autistas sexan recoñecidas como **cidadáns de pleno dereito**. Colaboramos con administración pública e outras organizacións pertinentes para fomentar a inclusión social e facilitar o acceso aos servizos e recursos necesarios.
- Colaboramos e contamos coa **participación de persoas autistas/SA para empoderalas** e permitirlles ser as protagonistas das súas propias vidas e do futuro da súa comunidade. Enfocámonos en fomentar o desenvolvemento das súas habilidades e capacidades, asegurando que as súas opinións e necesidades sexan recoñecidas e tidas en conta en todas as instancias nas que se lles faga referencia. Nada sobre elas sen elas.

Comprometémonos a xestionar de forma responsable e ética todos os recursos que temos á nosa disposición, así como a ser totalmente transparentes nas nosas accións e decisións.

Durante o ano 2024, a nosa asociación deu un paso importante na optimización dos seus procesos internos e na mellora continua dos servizos que ofrecemos. Un dos fitos máis relevantes foi o traballo en profundidade para a obtención da certificación **ISO 9001**, un proceso no que nos implicamos con determinación para garantir a máxima calidade na atención ás persoas autistas e ás súas familias. Esta certificación non só representa un recoñecemento ao noso labor, senón que tamén implica un compromiso firme coa mellora constante, asegurando que os nosos protocolos, metodoloxías e servizos se axusten aos estándares máis esixentes. A través deste esforzo, buscamos consolidar un modelo de traballo máis eficaz, transparente e adaptado ás necesidades reais das persoas usuarias.

Ademais, mantivemos o noso compromiso coa **sustentabilidade e co respecto polo medio ambiente**, aplicando medidas responsables na xestión dos residuos e promovendo unha maior concienciación ambiental dentro da entidade. Con este obxectivo, reforzamos a instalación de contedores específicos para a recollida de roupa, pilas e papel, garantindo unha correcta reciclaxe e minimizando o impacto ambiental das nosas actividades. Apostamos por un funcionamento máis sostible nos nosos centros, promovendo prácticas que contribúan ao coidado do medio e á eficiencia no uso dos recursos.

Estamos convencidos de que estas iniciativas fortalecerán a nosa entidade, permitindo ofrecer servizos cada vez máis completos e de maior calidade. O noso traballo diario está marcado polo compromiso coas persoas autistas e as súas familias, e cada avance que logramos achéganos un pouco máis ao noso obxectivo de ofrecer unha atención integral, especializada e sostible no tempo.

2

03 BASE SOCIAL

20

39

522

507

VOLUNTARI@S

TRABALLADOR@S


USUARI@S

SOCI@S
NUMERARIOS


Facendo unha combinación da nosa **MISIÓN + VISIÓN + VALORES**, contamos coa colaboración de:

- **EQUIPO TÉCNICO PROFESIONAL E EQUIPO ADMINISTRATIVO**
- **PERSOAS SOCIAS**, pais, nais ou tutores legais dunha persoa con SA/TEA, con voz e voto nas assembleas.
- **DOANTES**, que contribúen con aportacións económicas ou materiais de maneira puntual ou continuada.
- **PERSOAS VOLUNTARIAS**, que colaboran nas actividades ou eventos que realizamos, retroalimentándonos aportando coñecementos, experiencia, tempo e enerxía. **PERSOAS SOCIAS COLABORADORAS**, persoas físicas ou xurídicas que nos aportan contribucións económicas, de materiais ou incluso prestando servizos.


EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PERSOAS SOCIAS NUMERARIAS DESDE A CREACIÓN DA ASOCIACIÓN




A data de 31 de decembro de 2024, ASPERGA ten 507 persoas socias numerarias, das cales 361 son mulleres, 145 son homes e 1 NB.



EVOLUCIÓN DO NÚMERO DE PERSOAS USUARIAS DENTE 2006 ATA 2024



Durante o ano 2024, ASPERGA atendeu a un total de 522 persoas usuarias, das cales 152 eran mulleres, 369 eran homes e 1 NB.



2

04 ORGANIGRAMA



ADMINISTRACIÓN:

- Administración
- Contabilidade
- Comunicación
- Recursos Humanos

OUTROS:

- Limpeza
- Profesionais independentes
- Persoal en prácticas
- Voluntariado

UNIDADES DE ATENCIÓN:

- Psicoloxía
- Logopedia
- Terapia Ocupacional
- Pedagogía
- Educación social
- Técnico deportivo
- Traballo social
- Orientación laboral

ASESORÍAS EXTERNAS:

- Laboral
- Fiscal
- Contable
- Riscos laborales
- Protección de datos
- Recursos informáticos
- Consultoría en Gestión Social

***ASPERGA conta con asesorías externas no ámbito legal, laboral e económico.**



2

05 FORMAMOS PARTE DE

Federación Autismo Galicia.

Confederación Autismo España.

Autism Europe.

Consello Asesor de Pacientes de Galicia.

Consello Asesor de Pacientes de A Coruña e Cee.

Asociación Galega de Atención Temprana.

- Socios colaboradores de AGAT desde 2021.
- Naturaleza xurídica: Asociación sen ánimo de lucro.
- Inscrita no Rexistro Central Asociacións co nº 2006-9439-1.
- Asociación declarada de Utilidade Pública pola Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, según a Orden do 6 de junio de 2015.
- Rexistro de centros, servizos e establecementos sanitarios. Consellería de Sanidade. Xunta de Galicia C-15-003421 (Centro de A Coruña) y C-15-004107 (Centro de Santiago de Compostela).
- Registro único de Entidades prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia (RUEPSS) nºE2235.
- Rexistro de Entidades de Acción Voluntaria de Galicia nº O-601.
- Rexistro municipal de Asociacións do Concello de A Coruña (REMAC) nº 473.
- Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo nº 1118-10.
- Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Pontevedra nº 401.
- Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Narón nº 309.
- Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Santiago de Compostela nº 665.

3

01 SERVIZOS TRANSVERSAIS

PRIMEIRA CONSULTA DE ORIENTACIÓN


O servizo de **orientación e información** de ASPERGA está deseñado para **ofrecer un primeiro apoio ás persoas autistas/SA e ás súas familias, guiándoas nos pasos a seguir despois dun diagnóstico**. A través deste servizo, proporcionamos información detallada sobre os nosos programas de atención, tanto individuais como grupais, facilitando un acceso á intervención especializada adaptada a cada caso. Ademais, o noso traballador social desempeña un papel clave na xestión dos procesos burocráticos necesarios para acceder a distintos recursos, garantindo un acompañamento personalizado que permita ás familias navegar con maior seguridade e confianza polas diferentes opcións dispoñibles.

Este servizo tamén atende a persoas sen diagnóstico confirmado que chegan a nós derivadas por profesionais sanitarios, centros educativos ou outras entidades, así como aquelas que, por iniciativa propia ou das súas familias, buscan orientación ante a sospeita de evidencias de TEA. Nestes casos, o noso equipo de terapeutas ofrece un primeiro asesoramento sobre a posibilidade de realizar unha Valoración Específica de TEA, orientando cada persoa no proceso máis axeitado para a súa situación.

A través de diferentes canles, ASPERGA continúa a ser un referente para quen busca información e apoio. Moitas persoas chegan a nós por medio das nosas redes sociais, a nosa páxina web ou recomendacións de coñecidos (**contacto directo**), mentres que outras acceden ao servizo a través de derivacións de profesionais sanitarios (**contacto sanitario**) ou centros educativos públicos e privados (**contacto educativo**). En todos os casos, o noso obxectivo é garantir unha atención accesible, próxima e de calidade, respondendo ás necesidades individuais de cada persoa que confía en nós.



No ano 2024, ofertamos atención a través deste programa de orientación e información a un total de 374 persoas, das que 74 eran homes, 299 mulleres e 1 NB.



Concello da Coruña

Financiado pola **Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá del Concello da Coruña.**

3

01 **SERVIZOS TRANSVERSAIS**

VALORACIÓN ESPECÍFICA DE TEA

En ASPERGA contamos cun equipo de profesionais altamente especializados e con ampla experiencia no acompañamento e intervención con persoas autistas. O noso equipo multidisciplinar, composto por psicólogos, logopedas e terapeutas ocupacionais, traballa de maneira coordinada para garantir unha atención individualizada, adaptada ás necesidades de cada persoa usuaria e orientada a potenciar o seu desenvolvemento e benestar.


Cada caso é analizado en profundidade a través dun proceso de avaliación detallado, no que se recompila información de diversas fontes, como entrevistas, probas estandarizadas e observacións clínicas. Este enfoque permite obter unha visión integral da persoa e identificar áreas clave de intervención, como:

- **A interacción social e as habilidades comunicativas**, avaliando posibles dificultades na linguaxe verbal e non verbal, así como na comprensión e uso do discurso en distintos contextos.
- **O xogo e os patróns de conduta**, analizando a presenza de condutas repetitivas, intereses restrinxidos e a forma na que a persoa participa en actividades lúdicas.
- **A capacidade intelectual e a memoria**, estudando funcións cognitivas que permiten coñecer as fortalezas e necesidades de apoio.
- **A intelixencia verbal e non verbal**, examinando a comprensión da linguaxe e a capacidade de procesamento da información.
- **As habilidades funcionais diarias**, valorando a autonomía en actividades como a xestión do tempo, o coidado persoal ou a resolución de tarefas cotiás.
- **As dificultades no proceso de comunicación**, detectando posibles barreiras na expresión e comprensión, e propoñendo estratexias de apoio para mellorar a interacción social.




VALORACIÓN ESPECÍFICA DE TEA

Durante o 2024, realizáronse un total de 78 valoracións, das cales 41 foron homes e 37 mulleres.



VALORACIÓN INICIAL

Durante o 2024, tamén se realizaron un total de 16 valoracións, as cales 7 foron en A Coruña e 5 en Santiago de Compostela



3

01 SERVIZOS TRANSVERSAIS

TRABALLO SOCIAL

O noso servizo de traballo social desempeña un papel fundamental no apoio ás persoas autistas e ás súas familias, ofrecendo asesoramento e información sobre as diferentes axudas e recursos dispoñibles. O traballador social de ASPERGA encárgase de guiar e acompañar cada familia no proceso de acceso a prestacións, servizos e dereitos, adaptando a orientación ás necesidades específicas de cada caso.

A través dun estudo personalizado, analizamos cada situación de maneira individualizada, proporcionando apoio na tramitación de axudas económicas, orientación en materia de educación e emprego, e facilitando o acceso a recursos sociais e sanitarios. O obxectivo principal é garantir que as persoas autistas e as súas familias contan coa información e os apoios necesarios para mellorar a súa calidade de vida e fomentar a súa autonomía dentro da sociedade.

- **Asesoramento vía e-mail** sobre axudas e recursos dispoñibles.
- **Atención presencial e telefónica** en materia de dependencia, discapacidade, recursos sociais e outros trámites.
- **Información e xestión de bolsas**, incluíndo orientación sobre requisitos e apoio na presentación de solicitudes.
- **Actualización de contidos web**, asegurando que os documentos explicativos sobre axudas e beneficios estean sempre ao día.

No ano 2024, o noso traballador social ocupouse de atender a un total de 223 persoas, das cales 154 eran mulleres e 69 homes.



Financiado polo **Servizo de Acción Social, Cultura e Deportes, Sección de Servizos Sociais** da Deputación provincial da Coruña.



3

01 **SERVIZOS TRANSVERSAIS**

ORIENTACIÓN LABORAL


No servizo de orientación sociolaboral de ASPERGA, realizamos un acompañamento individualizado para facilitar a inserción laboral das persoas autistas, adaptando os apoios ás súas necesidades e capacidades. A través de entrevistas periódicas, deseñamos itinerarios personalizados de inserción, nos que proporcionamos recursos e ferramentas para que cada persoa poida xestionar o seu propio proceso de acceso ao emprego.

O noso obxectivo principal é ofrecer unha atención sociolaboral o máis personalizada posible, fomentando a autonomía e mellorando as oportunidades de empregabilidade das persoas autistas. Para iso, traballamos en diversas áreas clave, que inclúen:


- Área de orientación laboral.
- Área de formación.
- Área de intermediación.
- Área de emprego.

No servizo de orientación laboral, durante o ano 2024, asistiron un total de 53 persoas, das cales 37 foron homes e 16 mulleres.

Santiago de Compostela - 10
A Coruña - 43



Mulleres - 16
Homes - 37



3

02 PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN INDIVIDUAL

A intervención individual en ASPERGA está baseada nas necesidades específicas de cada persoa TEA, ofrecendo apoios personalizados que favorezan o desenvolvemento das súas capacidades e a mellora da súa calidade de vida. A través dun enfoque integral, traballamos en diferentes áreas para promover o benestar e a autonomía das persoas usuarias.

INTERVENCIÓN PSICOLÓXICA

Abordamos aspectos conductuais, cognitivos e emocionais, axudando a xestionar dificultades concretas e reforzando habilidades para mellorar a adaptación ao entorno. O obxectivo é potenciar o autocoñecemento, a regulación emocional e o desenvolvemento de estratexias que favorezan o benestar persoal.

INTERVENCIÓN LOGOPÉDICA

Avalíamos e tratamos dificultades na comunicación, a linguaxe, a fala, a voz, a audición e as funcións orais. A nosa intervención adáptase ás necesidades de cada persoa, favorecendo unha mellor comprensión e expresión lingüística, así como o desenvolvemento de habilidades comunicativas que melloren as interaccións sociais.

TERAPIA OCUPACIONAL

Traballamos para potenciar a autonomía en todas as áreas da vida diaria, desde o xogo ata as tarefas do fogar, a educación ou o emprego. O obxectivo é dotar ás persoas autistas de ferramentas que faciliten a súa participación activa na contorna, mellorando a súa independencia e a súa calidade de vida.

*Estes datos son de persoas a partir de 12 anos, aínda que estes servizos tamén se ofertan en Atención Temprá (de 0 a 6) e Atención a Infancia (de 7 a 12).



Santiago de Compostela

A Coruña


Mulleres

Homes

NB


PSICOLOGÍA

Este servizo atendeu un total de 292 persoas.



88

204




94

197

1


LOGOPEDIA

Este servizo atendeu un total de 44 persoas.



10

34




11

33


TERAPIA**OCUPACIONAL**

Este servizo atendeu un total de 75 persoas.



22

53



27

47

1

3

03 PROGRAMAS DE INTERVENCIÓN GRUPAL

Os servizos de intervención grupal en ASPERGA están deseñados para recrear situacións da vida diaria e proporcionar ás persoas autistas ferramentas que lles permitan mellorar as súas relacións sociais no seu entorno habitual. A través dun enfoque práctico e dinámico, promovemos a aprendizaxe en contextos reais, favorecendo a adquisición de estratexias que faciliten a interacción e a comunicación.

HABILIDADES SOCIAIS

Neste programa, traballamos aspectos clave da comunicación, a interacción social e a xestión emocional, fomentando a participación activa en diferentes escenarios. O obxectivo é que as persoas autistas poidan aplicar as habilidades adquiridas na súa vida cotiá, mellorando a súa adaptación en ámbitos como o colexio, a familia ou as relacións de amizade. As sesións están estruturadas para promover a aprendizaxe progresiva, garantindo un espazo seguro no que experimentar, errar e mellorar sen presións, sempre cun acompañamento profesional que facilite este proceso.

Este servizo, está destinado a persoas de 7 a 18 anos; neste ano atendemos a un total de 138 persoas, 107 homes e 31 mulleres



*Actividade financiada pola **Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia** dentro da convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades para o ano 2023.



ACTIVA O TEU CORPO - FÚTBOL

A través do fútbol, fomentamos que as persoas autistas desenvolvan habilidades motoras, coordinación e capacidades socioemocionais, integrando a práctica deportiva nun ambiente inclusivo e adaptado ás súas necesidades.

Este servizo neste ano atendemos a un total de 11 persoas, 10 homes e 1 muller.



ACTIVA O TEU CORPO - ADESTRADOR

A través do deporte e do lecer, buscamos que as persoas autistas desenvolvan habilidades físicas e socioemocionais, compaxinándoas de maneira integrada.

Este servizo, neste ano, atendeu un total de 6 persoas, todas elas homes

ACTIVA O TEU CORPO - MERGÚLLATE


A natación ofrece ás persoas autistas unha oportunidade para mellorar a súa motricidade, reforzar a autoconfianza e favorecer a regulación sensorial, todo nun entorno estruturado que facilita a aprendizaxe e a interacción social.

Este servizo neste ano atendemos a un total de 11 persoas, 9 homes e 2 mulleres.

XADREZ

O xadrez axuda ás persoas autistas a desenvolver o pensamento lóxico, a concentración e a planificación, proporcionando un espazo estruturado onde poden potenciar as súas habilidades cognitivas e sociais de maneira adaptada.

Este servizo, neste ano, atendeu un total de 4 persoas, todas elas homes



XOGANDO EN FAMILIA

Ofrece un espazo no que as familias aprenden novos xogos e estratexias para fomentar momentos lúdicos cos seus fillos e fillas. A través do xogo, promovemos a comunicación, a interacción e o fortalecemento dos vínculos familiares, adaptando as dinámicas ás necesidades e intereses de cada participante. Ademais, esta iniciativa facilita ferramentas para que o xogo sexa unha experiencia enriquecedora, favorecendo o desenvolvemento de habilidades sociais, cognitivas e emocionais nun ambiente distendido e de colaboración.

Nesta actividade, exploramos diferentes tipos de xogos, dende os tradicionais ata dinámicas máis estruturadas, sempre con enfoques adaptados que permitan a participación activa de todos os membros da familia.

Este servizo neste ano atendemos a un total de 3 persoas, das cales 2 eran homes e 1 muller.

TALLERES LÚDICOS E DE APRENDIZAXE

Os nosos talleres ofrecen un espazo no que as persoas autistas poden traballar a autonomía a través de actividades adaptadas, combinando aprendizaxe, lecer e desenvolvemento persoal. Mediante dinámicas prácticas, favorecemos a adquisición de habilidades para a vida diaria, a toma de decisións e a organización do tempo, sempre nun entorno estruturado e de apoio.

Ademais, incorporamos actividades lúdicas e de aprendizaxe que permiten reforzar competencias sociais, cognitivas e emocionais, fomentando a participación activa e o disfrute. O obxectivo destes talleres é proporcionar ferramentas que melloren a independencia e a confianza das persoas participantes, ofrecendo estratexias que poidan aplicar no seu día a día para unha maior autonomía e benestar.

Este servizo neste ano atendemos a un total de 7 persoas.

APOIO EDUCATIVO

Acompañamos ás persoas autistas ao longo de todo o seu percorrido educativo, ofrecendo un apoio adaptado ás súas necesidades individuais. O noso enfoque baséase en destacar as fortalezas de cada estudante, proporcionando estímulos positivos que favorezan a súa motivación e aprendizaxe.

Traballamos para identificar e atender as dificultades que poden xurdir no ámbito escolar, ofrecendo estratexias que faciliten a comprensión, a organización e a autonomía no estudo. Ademais, promovemos a coordinación coas familias e os centros educativos, garantindo unha resposta axeitada e un contorno de aprendizaxe inclusivo que potencie o desenvolvemento persoal e académico das persoas autistas.

Este servizo atendeu a un total de 53 persoas, das cales 13 eran mulleres e 40 homes.



XUNTANZA

Este programa está pensado para persoas adultas TEA que desexan compartir experiencias, socializar e participar en actividades adaptadas aos seus intereses. En ASPERGA, creamos espazos seguros e accesibles onde as persoas usuarias poden relacionarse de maneira natural, reforzando as súas habilidades sociais nun ambiente distendido e de confianza.

Este servizo atendeu a un total de 13 persoas, das cales 8 eran homes e 5 mulleres.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE



autismoGALICIA

***Programa de Atención a Persoas con TEA da Federación Autismo Galicia, subvencionado pola Xunta de Galicia e xestionado pola Consellería de Política Social e Igualdade.**



TALLER “COMUNÍCATE”

Este taller está dirixido a adolescentes e persoas adultas autistas co obxectivo de mellorar as súas habilidades de comunicación, tanto verbal como non verbal. A través dun enfoque adaptado ás súas necesidades, trabállanse estratexias que favorezan a interacción social e a expresión efectiva en distintos contextos da vida cotiá.

Mediante actividades dinámicas e interactivas, creamos un ambiente inclusivo e de apoio no que os participantes poden practicar e reforzar as súas competencias comunicativas. Cada sesión aborda situacións reais e prácticas, facilitando que os aprendizaxes adquiridos sexan aplicables de forma inmediata, promovendo así unha maior autonomía e confianza nas súas relacións persoais e sociais.

Este servizo atendeu a un total de 20 persoas, das cales 15 eran homes e 5 mulleres.

TALLER “SEN-CONFLICTO”

Este taller está pensado para nais e pais de persoas autistas que presentan dificultades de conduta, ofrecendo un espazo de aprendizaxe, apoio e intercambio de experiencias. O obxectivo é proporcionar ferramentas prácticas e estratexias de afrontamento que axuden ás familias a xestionar os retos do día a día, promovendo un ambiente de comprensión e benestar no fogar.

Este servizo atendeu a un total de 7 persoas, das cales 6 eran mulleres e 1 home.

TALLER “ADULTOS/AS NO ESPECTRO”

Este taller está pensado como un espazo de encontro para persoas adultas TEA, onde poder compartir experiencias, inquietudes e retos da vida cotiá nun ambiente de apoio e comprensión mutua. Cada sesión aborda temas relevantes e adaptados ás vivencias dos participantes, favorecendo a reflexión e o intercambio de estratexias para afrontar diferentes situacións do día a día.

Este servizo atendeu a un total de 2 persoas, das cales 1 era un home e outra unha muller.

TALLER IRMÁNS TEA

Este espazo está deseñado para irmáns de persoas autistas, ofrecendo un lugar de encontro e apoio onde compartir experiencias, expresar emocións e fortalecer os vínculos familiares. A través de sesións grupais dinámicas e participativas, creamos un ambiente de confianza no que cada participante pode sentirse comprendido e acompañado.

No taller abordamos aspectos clave como a convivencia no fogar, a comprensión do autismo desde a experiencia familiar e a xestión das emocións que poden xurdir no día a día. Buscamos proporcionar ferramentas que favorezan unha relación positiva e enriquecedora entre irmáns, promovendo a aprendizaxe mutua e o apoio recíproco dentro da familia.

No ano 2024 participaron un total de 8 persoas, das cales 6 foron homes e 2 foron mulleres.

TALLER MULLERES TEA

É un espazo de encontro e apoio dirixido a mulleres autistas, onde poden compartir experiencias, reforzar a súa autoestima e traballar habilidades sociais nun ambiente de comprensión e seguridade. A través de sesións grupais, abordamos temas como a identidade, as relacións interpersoais, a autoxestión emocional e os desafíos específicos que poden atopar no seu día a día.

No ano 2024 participaron un total de 6 mulleres.



TALLER APOIO MÚTUO - “RIQUIÑOS” e “CROISSANT”


Este taller ten como finalidade crear espazos de apoio onde as persoas autistas poidan desenvolver vínculos de amizade, confianza e relacións interpersoais nun ambiente seguro e respectuoso. A través de actividades adaptadas a cada grupo de idade, promóvese a socialización e o fortalecemento das habilidades sociais, sempre respectando os tempos e as necesidades individuais de cada participante.

No ano 2024 participaron un total de 11 persoas, das cales 7 eran homes e 4 mulleres.



Concello da Coruña

Actividade financiada pola **Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá do Concello da Coruña** dentro das subvencións destinadas a actividades de Interese Social en Materia de Igualdade e Diversidade.



3

04 ATENCIÓN TEMPERÁ

Este servizo ten como obxectivo detectar e atender de forma precoz os procesos de crecemento e maduración do sistema nervioso, minimizando o impacto que o TEA pode ter no desenvolvemento dos máis pequenos. A intervención temperá é clave para favorecer a adquisición de habilidades e optimizar as oportunidades de aprendizaxe e adaptación ao entorno.


Está dirixido a nenos e nenas de 0 a 6 anos con diagnóstico de TEA ou características asociadas. A partir dunha valoración inicial, elaboramos un plan de intervención individualizado que pode incluír terapia ocupacional, logopedia e psicoloxía, adaptando os apoios ás necesidades específicas de cada neno ou nena.

Neste servizo:

- **Traballamos tanto de forma individual como en grupo**, nun ambiente lúdico e de xogo, desenvolvendo actividades dirixidas polo equipo terapéutico para favorecer a aprendizaxe e a autonomía.
- **As familias reciben asesoramento e información** sobre pautas específicas para aplicar no fogar, facilitando así a continuidade dos aprendizaxes no día a día.
- **Para garantir un seguimento máis completo e coordinado**, establecemos contacto co centro educativo, promovendo unha intervención conxunta que facilite a adaptación e o desenvolvemento dos nenos e nenas no seu entorno escolar.



Actividade financiada pola **Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia** dentro da convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades para o ano 2023.



3

05 ATENCIÓN Á INFANCIA

En ASPERGA acompañamos ás persoas usuarias ao longo de todas as etapas vitais, desde a infancia ata a idade adulta, ofrecendo apoios adaptados ás súas necesidades. Poñemos un enfoque especial na infancia, entendéndoa como unha fase crucial para o desenvolvemento persoal, social e académico.

Este servizo está dirixido a nenos e nenas de 7 a 12 anos con diagnóstico de TEA ou características asociadas, ofrecendo un apoio continuo e personalizado. A intervención realízase de forma multidisciplinar, traballando de preto coas familias e outros profesionais para garantir unha atención integral. As áreas de intervención inclúen terapia ocupacional, logopedia e psicoloxía, sempre adaptadas a cada caso.


Neste servizo:

- **A forma de traballo é multidisciplinar**, combinando sesións individuais e grupais para adaptar as terapias ás necesidades de cada neno ou nena.
- **As familias reciben información e asesoramento**, ofrecéndolles pautas específicas para aplicar no fogar e apoiar o desenvolvemento dos seus fillos e fillas no día a día.
- **Mantemos unha coordinación continua co centro educativo**, asegurando unha comunicación eficaz que nos permita coñecer mellor a situación de cada caso e garantir unha intervención conxunta.

Santiago de Compostela A Coruña Mulleres Homes


ATENCIÓN A INFANCIA

Este servizo atendeu a un total de 111 persoas, das cales 28 foron mulleres e 83 homes.



27

84



28


83

3

06 TALLER DE TRANSICIÓN A VIDA ADULTA

Dirixido a persoas autistas con grao de apoio 1 ou 2, maiores de 18 anos, este taller busca fomentar a autonomía e facilitar a transición á vida adulta, potenciando habilidades sociais, comunicativas e laborais. A intervención estrutúrase en tres módulos:

- **Vida independente**, centrado na autoxestión persoal e na toma de decisións cotiás.
- **Ámbito socio-laboral**, para desenvolver competencias clave no acceso ao emprego e na integración laboral.
- **Ocio e tempo libre**, promovendo a socialización e a participación en actividades enriquecedoras.



En total, participaron 19 persoas, das cales 2 foron mulleres e 17 foron homes.



3

09 FORMACIÓN

FORMACIÓN A FAMILIAS*

Ofrecemos ás familias de persoas autistas un espazo de orientación e información, proporcionándolles recursos e ferramentas para mellorar o seu benestar e fomentar un ambiente familiar máis equilibrado e positivo.

O contido das formacións inclúe:

- **Estratexias para o día a día**, adaptadas a diferentes situacións cotiás para reforzar as habilidades das persoas autistas.
- **Pautas específicas**, enfocadas no desenvolvemento das fortalezas individuais de cada persoa.
- **Dinámicas de interacción familiar**, que fortalecen os vínculos e melloran a comunicación no fogar.
- **Conceptos de benestar e crianza**, abordando a súa relación coa saúde emocional e familiar.

Nas formacións en dirixidas ás familias, asistiron un total de 21 persoas, das cales 10 foron mulleres e 11 homes.



Actividade financiada pola **Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia** dentro da convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades para o ano 2023.

FORMACIÓN EN CENTROS EDUCATIVOS

Dirixida a profesionais de todos os niveis educativos, impártese de forma presencial nos propios centros. Ademais de proporcionar información teórica, inclúe actividades dinámicas e xogos para implicar activamente ao alumnado. Tamén ofrecemos formación específica para as familias, favorecendo a colaboración entre o ámbito educativo e familiar.

FORMACIÓN A OUTROS PROFESIONAIS

Destinada a persoal de centros culturais, deportivos, artísticos e cívicos, ofrece coñecementos fundamentais sobre o TEA, as súas características e as mellores prácticas para unha comunicación efectiva. O obxectivo é facilitar unha interacción adaptada e respectuosa, favorecendo a inclusión nos distintos ámbitos sociais.

FORMACIÓN AO VOLUNTARIADO

Pensada para aquelas persoas que desexan colaborar en ASPERGA, esta formación proporciona información detallada sobre a nosa entidade, os programas nos que participarán e as necesidades das persoas autistas. A través desta preparación, garantimos que o voluntariado dispoña das ferramentas necesarias para ofrecer un apoio adecuado e enriquecedor.

3

10 OCIO E LECER, CAMPAMENTOS E OUTRAS ACTIVIDADES.

TEMPO DE LECER

Este programa lúdico-cultural está pensado para ofrecer ás persoas autistas espazos de lecer e socialización adaptados ás súas necesidades e intereses. A través de obradoiros e actividades grupais, fomentamos as relacións sociais e a interacción co entorno, sempre nun ambiente seguro e estruturado.



Actividade financiada pola **Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia** dentro da convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades para o ano 2023.



Nas actividades de Tempo de Lecer participaron un total de 86 persoas, das cales 22 foron mulleres e 64 homes.

URBANCAMP

Trátase dun campamento urbano que se celebra en xullo para persoas usuarias e socias de ASPERGA, ofrecendo un espazo de convivencia e aprendizaxe a través de actividades adaptadas ás súas necesidades. As propostas realízanse fóra das nosas instalacións, promovendo a exploración do entorno, o desenvolvemento persoal e social, o fortalecemento da autoestima e a mellora da autoeficacia nun ambiente seguro e enriquecedor.



No Urban Camp participaron un total de 18 persoas, das cales 4 foron mulleres e 4 homes.



XUNTA
DE GALICIA

CONSELLERÍA DE
POLÍTICA SOCIAL
E IGUALDADE

Actividade financiada pola **Consellería de Política Social e Igualdade da Xunta de Galicia** dentro da convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades para o ano 2023.





ECOCAMP


Este campamento, no que se pasa a noite, combina un enfoque terapéutico e psicoeducativo con actividades lúdicas nunha contorna natural. O seu obxectivo é crear experiencias de convivencia e aprendizaxe, favorecendo a autonomía, a colaboración e a participación activa das persoas participantes, todo nun ambiente estruturado e seguro que promove o desenvolvemento persoal e social.





PEQUE CAMP (Campamento de Atención Temprá):

Este campamento combina intervencións terapéuticas e psicoeducativas cun enfoque lúdico, fomentando a exploración, a convivencia e o aprendizaxe experiencial a través de actividades da vida diaria. O seu obxectivo é que os participantes descubran novas formas de experimentar e adquirir coñecementos, promovendo o desenvolvemento das súas habilidades nun ambiente enriquecedor e adaptado ás súas necesidades.



O noso **Campamento de Atención Temprá** contou co financiamento de **Fundación "la Caixa"**, ao longo do mes de xullo de 2024.

OUTRAS ACTIVIDADES CULTURALES E DEPORTIVAS:

Grazas a un convenio de colaboración coa Fundación Emalcsa participamos en actividades de S8 Cinema Xpresa, Talleres coa Sociedade Filatélica da Coruña, coa Agrupación de Montañeros Independientes (AMI), Esgrima Atlántico e co Silva Sociedad Deportiva.

Así mesmo, tamén realizamos outras actividades deportivas como II Torneo de Pádel Solidario, con Pádel A1.



4

01 PLAN FORMATIVO DE ASPERGA

PERSOAL SANITARIO E NON SANITARIO

En ASPERGA apostamos pola formación continua do noso equipo, garantindo unha actualización constante dos coñecementos e metodoloxías de intervención. Participamos en cursos, xornadas e congresos organizados por entidades públicas e privadas, co obxectivo de mellorar as nosas habilidades e optimizar os servizos que ofrecemos. Este compromiso coa aprendizaxe permítenos proporcionar unha atención de maior calidade e adaptada ás necesidades das persoas autistas e das súas familias.

- Federación Autismo Galicia: Comunicación y oratoria profesional.
- Federación Autismo Galicia: Curso: Sexualidade e TEA. Moito máis que tocamientos e estereotipias.
- Educatiocat: Apoyo conductual positivo.
- Asociación Tajibo: Curso de Integración Sensorial.
- AETAPI: Monográfico sobre Detección, Diagnóstico e Intervención con mujeres y TEA.
- Autismo España: Camuflaje e Invisibilidad. ¿Por qué las alumnas TEA pasan desapercibidas en las aulas?
- Autismo España: Autismo 0-6 años: detección, diagnóstico e intervención temprana.
- Autismo Burgos: 40 Congreso Autismo Burgos.

- Autismo España: Asistencia personal para personas con autismo: promoción de la autonomía y la vida independiente.
- Universidad de Valencia: Congreso sobre Autismo y Género en Valencia.
- AETAPI: 21 Congreso de AETAPI.
- Autismo España: Medición Impacto Social.

4

02 FINANCIAMENTO EXTERNO



En 2024, a **Xunta de Galicia**, concedeu unha subvención para o fomento de emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración cas entidades sen ánimo de lucro. Concretamente, subvencionase co **Programa de Apoio aos Servizos de ASPERGA** coa contratación de catro traballadores.



A **Xunta de Galicia** colaborou con financiamento de diversas actividades pola Consellería de Política Social e Igualdade dentro da convocatoria de subvencións destinadas á realización de programas de interese xeral para fins de carácter social, con cargo á asignación tributaria do 0,7 % do imposto sobre a renda das persoas físicas e do imposto de sociedades para o ano 2023.

Esa financiación destinouse a programas da Liña III, e concretamente á :

- Programa de promoción da autonomía para a vida adulta
- Programa de detección e atención temperá do TEA
- Empoderamento e capacitación de familias de persoas autistas
- Respiro e apoio á conciliación da vida familiar e laboral



Contamos co financiamento do **Programa de Atención e Prevención do Deterioro Cognitivo das Persoas con TEA** da **Federación Autismo Galicia**, subvencionado pola **Xunta de Galicia** e xestionado pola **Consellería de Política Social e Igualdade**.



A **Xunta de Galicia** subvenciona a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de Orientación Laboral, xestionada pola **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración**, anteriormente **Consellería de Promoción de Emprego e Igualdade**.



O servizo de **Acción Social, Cultural e Deporte, Sección de Servizos Sociais** da **Deputación provincial de Coruña**, destinou financiamento a ASPERGA para o **Programa de Asesoramento a persoas con Síndrome de Asperger e Autismo e as súas familias**, dentro das **Subvencións a entidades sen fins de lucro ou para o desenvolvemento de programas sociosanitarios do ano**. FOCVAA 2024





Enmarcado dentro do **PROYECTO TES-TEA**, de **Autismo España** e xunto coa **Fundación Once**, foisenos concedida unha **subvención** para a **adquisición de novo material** que se emprega para **Valoracións Específicas de TEA**.



Concello da Coruña

ASPERGA recibeu este ano 2024 unha subvención para o noso programa **Orientación e Asesoramento telefónico e en Primeira Consulta**, pola **Concellería de Benestar Social, Participación e Igualdade** do **Concello da Coruña**, dentro das subvencións a entidades sociais sen ánimo de lucro, destinadas a actividades ou proxectos de interese social.



Concello da Coruña

ASPERGA recibeu este ano 2024 unha subvención nominativa para **financiar gastos de mantemento**, pola **Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá** do **Concello da Coruña**.



Concello da Coruña

O noso **Taller de Apoio Mutuo**, recibeu unha axuda da **Concellería de Igualdade, Benestar Social e Participación Cidadá** do **Concello da Coruña**, dentro das subvencións destinadas a **actividades de Interese Social en Materia de Igualdade e diversidade**.



Vegalsa-Eroski condeceunos unha axuda a través do seu cheque solidario de Nadal, que a entidade destinou ao **programa de convivencia de fin de semana**, realizado durante estas festas, con persoas usuarias dos centros de A Coruña e Santiago de Compostela.




Fundación "la Caixa"

O noso **Campamento de Atención Temperá (Peque Camp) e Campamento Urbano (Urban Camp)** contou co financiamento de **Fundación "la Caixa"**, ao longo do mes de xullo de 2024.



4

03 COLABORACIONES







4

04 COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN

ASPERGA forma parte da Federación Autismo Galicia (como membros da HUB de comunicación), da Confederación Autismo España e da Autism Europe. É por iso que sempre colaboramos coas campañas de visibilización do autismo, xa que consideramos que é necesario traballar activamente para xerar un cambio na sociedade.

Ademais, colaboramos de forma independente con campañas afíns ás nosas ideas e nas que consideramos que o noso papel é relevante, como pode ser o caso de:

- Día Internacional da Síndrome de Asperger.
- Día Mundial de Conciencia sobre o Autismo.
- Xornada “Converxencias na diversidade: TDAH, AACC, TEA”.
- X Solidaria.
- Campaña de Atención Temperá da HUB de comunicación da Federación Autismo Galicia.
- Campaña LGTBIQ+ da HUB de comunicación da Federación Autismo Galicia.
- Baixo o mesmo paraugas - Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
- Día Mundial da Saúde Mental.



XORNADA “CONVERXENCIAS NA DIVERSIDADE: TDAH, AACC, TEA”.

ADAHPO, ANHIDA CORUÑA, ASAC GALICIA, ASPERGA e FEGADAH, coa colaboración de AFUNDACIÓN, organizaron esta xornada para abordar os puntos en común na atención á diversidade nos ámbitos do TDAH, as Altas Capacidades e o TEA.



O evento contou cunha mesa redonda sobre o ámbito familiar, unha charla sobre retos nas altas capacidades e diversas palestras a cargo de profesionais da psicoloxía e a educación. Tamén se abordaron os apoios necesarios para persoas con Asperger dentro e fóra da aula, incluíndo testemuñas en primeira persoa. A xornada pechouse cunha mesa redonda centrada no ámbito educativo.

18 DE FEBREIRO - DÍA INTERNACIONAL DA SÍNDROME DE ASPERGER

O 18 de Febreiro, é o Día Internacional da Síndrome de Asperger, e dende ASPERGA, todos os anos facemos algún acto para recordar esta data, e así poder darlle visibilidade as persoas dentro do Transtorno do Espectro Autista.



No 2024, en colaboración coa Federación Autismo Galicia fixemos un acto en Santiago para conmemorar esta data, denominada “XORNADA NEURODIVERSIDADE E NEURODIVERXENCIAS, un cambio no paradigma para o autismo”.

2 DE MARZO: “XORNADA NEURODIVERSIDADE E NEURODIVERXENCIAS, UN CAMBIO NO PARADIGMA PARA O AUTISMO”.


ASPERGA, en colaboración coa Federación Autismo Galicia, organizou este evento para conmemorar o Día Internacional da Síndrome de Asperger. A xornada abordou a neurodiversidade e as neurodiverxencias no autismo, destacando a importancia dun cambio de paradigma.

O acto incluiu a presentación da Revista Maremágnum, con artigos científicos sobre TEA, un coloquio con testemuñas en primeira persoa e a exposición de iniciativas dirixidas a persoas autistas, como espazos de apoio para adolescentes e adultos recentemente diagnosticados.



2 DE ABRIL: DÍA MUNDIAL DE CONCIENCIA SOBRE O AUTISMO.

ASPERGA colabora cada ano coa campaña promovida por Autismo España con motivo do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo. A través das nosas redes sociais e da difusión entre persoas socias e usuarias, contribuímos a sensibilizar a sociedade, empregando o material oficial da campaña para visibilizar o autismo e promover unha maior comprensión e inclusión.



El autismo para mi es... es como si fuera una característica más de una persona, como llevar el pelo corto, gafas o ser bajo. Hay ejemplos claros como que las personas que tienen autismo, asperger..., son iguales que el resto. Para mi la gente con autismo somos más dulces y salerosos. (Persoa autista)

3 DE DECEMBRO: BAIXO UN MESMO PARAUGAS, POLO DÍA INTERNACIONAL DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE.

ASPERGA colabora cada ano coa campaña promovida por Autismo España con motivo do Día Mundial de Concienciación sobre o Autismo. A través das nosas redes sociais e da difusión entre persoas socias e usuarias, contribuímos a sensibilizar a sociedade, empregando o material oficial da campaña para visibilizar o autismo e promover unha maior comprensión e inclusión.



ASPERGA participou no acto “Baixo un mesmo paraugas”, celebrado o 3 de decembro no Parrote (A Coruña) con motivo do Día Internacional das Persoas con Discapacidade. Este evento, símbolo de unión e inclusión, busca visibilizar a diversidade e promover unha sociedade máis igualitaria.

Durante o acto, creouse unha gran “paraguada” como mostra de apoio á inclusión. Ademais, as persoas usuarias de ASPERGA contribuíron pintando un paraugas conmemorativo para a ocasión, sumándose así a esta xornada de sensibilización.

TERCEIRA EDICIÓN DO CONCURSO DE POSTAIS DE NADAL



ASPERGA organizou a terceira edición do seu Concurso de Postais de Nadal, promovendo a creatividade e a expresión artística das persoas usuarias. Con tres categorías –Mini (3-7 anos), Promesa (8-13 anos) e Xuvenil (a partir de 14 anos)–, esta iniciativa busca fomentar a creación orixinal propia e celebrar as festas cunha visión única e persoal.

XORNADA DE PORTAS ABERTAS DE ASPERGA

Organizamos unha xornada de portas abertas en Santiago de Compostela e A Coruña, co obxectivo de achegar a nosa labor á comunidade. Durante o evento, as persoas interesadas tiveron a oportunidade de coñecer de preto o noso traballo, os servizos que ofrecemos e os proxectos que desenvolvemos para apoiar ás persoas autistas e ás súas familias.

En A Coruña, contamos coa presenza da concelleira de Benestar, Participación e Igualdade, Nereida Canosa Domínguez; ó concelleiro de Educación, Formación e Innovación Tecnolóxica, Juan Ignacio Borrego; e a Regla Dávila Caballero, xefa de área de Benestar



XORNADA DE PORTAS ABERTAS DE ASPERGA



En Santiago de Compostela asistiu a concelleira de Dereitos e Servizos Sociais, Promoción Económica e Xuventude, María Rozas Pérez.


REVISTA ASPERGA

Para darlle unha maior visibilidade a ASPERGA e máis a xente que traballa na asociación, Daniel Collazo Barcia, creou a Revista de ASPERGA, a cal xa tivo 7 edicións ata o momento.

O que podemos atopar no seu interior son entrevistas aos profesionais, persoas do ámbito político e sanitario, persoas usuarias da asociación... Tamén, curiosidades e información adicional para xerar máis contido.



REDES SOCIAIS

**2.506**

Seguidores en decembro de 2024

**11.633**

Seguidores en decembro de 2024

**2.235**

Seguidores en decembro de 2024

**2.968**

Seguidores en decembro de 2024

**15**

Seguidores en decembro de 2024



5

CONCLUSIONES

Durante o ano 2024, ASPERGA consolidouse como unha entidade de referencia na atención e apoio ás persoas autistas e ás súas familias, avanzando significativamente na mellora da calidade dos servizos prestados, na ampliación dos programas de intervención e no fortalecemento da nosa equipa profesional. O noso traballo centrouse en ofrecer unha atención integral e personalizada, garantindo acompañamento en todas as etapas da vida, desde a atención temperá ata a idade adulta, e reforzando programas clave como a intervención psicolóxica, logopédica e terapéutica ocupacional.

Ademais, demos un impulso importante aos programas de apoio á autonomía, incluíndo itinerarios de transición á vida adulta, orientación laboral e talleres de habilidades sociais, favorecendo así unha maior independencia das persoas autistas. Tamén promovemos espazos de lecer e socialización, entendendo a importancia de crear contornas inclusivas e accesibles onde as persoas autistas poidan desenvolver as súas capacidades en igualdade de condicións.

A nosa aposta pola formación e sensibilización social seguiu sendo un pilar fundamental, mediante accións dirixidas a familias, profesionais e centros educativos, co obxectivo de fomentar unha sociedade máis comprensiva e respectuosa coa diversidade.

Mirando cara ao futuro, establecemos novas metas para seguir avanzando na inclusión real das persoas autistas, convencidos de que só co esforzo conxunto de profesionais, familias e persoas usuarias poderemos seguir construíndo un proxecto sólido e transformador.



ASPERGA

Rúa Juan de la Cierva, 5
15008, A Coruña
881 917 318

Rúa José Ángel Valente, 9 - Baixo
15706, Santiago de Compostela
881 165 157

www.asperga.org

